

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Sesións Plenarias
2019/G010/000008

**DNA. ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO
(A CORUÑA)**

C E R T I F I C A:

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o 9 de abril de 2019, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

"4. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

Dase conta ao Pleno da Corporación do seguinte ditame:

"2. APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Asuntos Económicos o mércores 3 de abril de 2019 emitíuse o seguinte

DITAME:

Proposta de Acordo

Tesourería

Exp. 2019/G016/000001

APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

DESTINATARIO: PLENO

I. ANTECEDENTES:

O Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a

creación da iniciativa "Concellos doing business Galicia", subscrito o pasado 10 de outubro do 2017, e a addenda ao mesmo subscrito con data 13 de decembro do 2017.

Visto que o referido protocolo esixe a adopción de acordos de modificación das Ordenanzas Fiscais do IBI, IAE e ICIO para se adaptar ás esixencias contidas no mesmo.

O Concello de Arteixo, no artigo 7 da ordenanza fiscal nº4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, xa establece unha bonificación do 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, que xustifiquen tal declaración.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985 de 7 de abril, reguladora de bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas de modernización do Goberno Local (LRBRL).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

III. PROPOSTA

Considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do RDLegislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas de modernización do goberno local e analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente sometido Pleno municipal celebrado o día 31.1.2019, na que se acorda aprobar a adhesión deste Concello de Arteixo ao Protocolo de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp de data 10/10/2017 e xustifica a necesidade de modificar algúns dos artigos das ordenanzas fiscais nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmoables, nº 2 reguladora do imposto sobre actividades económicas e nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras,

Esta Concellería de Servizos Económicos, previos os informes de Secretaría, Intervención e Tesourería, **propón que se dictamine pola Comisión Informativa de Asuntos Económicos do Pleno a seguinte Proposta:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables.

Engadir un apartado 2 no artigo 6. **Bonificacións**, co seguinte teor:

BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO.

6.2.1.- Segundo o previsto no art. 74.2. quáter do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre a cota tributaria do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial no inmovible, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

6.2.2.- Dado que a presente bonificación é análoga á que se prevé no art. 7 da Ordenanza Fiscal nº 4 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se accede segundo a puntuación total que, segundo o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación.

6.2.3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Bens Inmobles, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IBI se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

6.2.4.- A bonificación no IBI surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros anos de exercicio da actividade.

6.2.5.- Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

6.2.7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor e comenزارá a aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO: Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Engadir un novo **artigo, co número 3. Bonificacións** co seguinte teor:

BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO.

1.- Segundo o previsto no art. 88.2.e) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre da cota tributaria do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 7 da Ordenanza Fiscal nº 4 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se accede segundo a puntuación total que, segundo o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación. A bonificación limitarase á cota municipal sobre do inmovible de nova construción ou ampliación, non se extendendo a outros establecementos que teñan cota tributaria separada polo imposto do suxeito pasivo dentro do termo municipal.

3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Actividades Económicas, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IAE se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

4.- A bonificación no IAE surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade.

5.- Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De

se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor e comenزارá a aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº4 , reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Modificar o **artigo 7. Bonificacións**, coa seguinte nova redacción:

Artigo 7. Bonificacións

7.3. BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO.

1.- Dacordo co previsto no artigo 103.2. a) do TRLRHL, o Pleno da Corporación poderá conceder unha bonificación de ata o 95 por 100 sobre a cota tributaria en favor das construcións, instalacións ou obras destinadas á realización de actividades industriais ou comerciais, cando as mesmas sexan declaradas en cada caso concreto de especial interés ou utilidade municipal polo devandito órgano, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, debéndose cumprir os seguintes requisitos:

1º) Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titular do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente co promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos cinco anos, nin con calquer outra empresa pertencente ao mesmo grupo empresarial, segundo definición dada polo artigo 42 do Código de comercio.

2º) Que o 25 % dos novos contratos ha de ser de carácter indefinido. Cando resulte un número de contratos indefinidos non enteiro, redondearase ao enteiro superior

3º) Que, ao menos 1/3 dos novos contratos sexa con traballadores en situación de desemprego inscritos na Oficina de Emprego asignada a este municipio de Arteixo. Cando resulte un número de contratos non enteiro, redondearase ao enteiro superior.

Acreditado o cumprimento destes requisitos, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do número de novos postos de traballo creados, de acordo co seguinte cadro:

POSTOS DE TRABAJO DE NOVA CREACIÓN	% BONIFICACIÓN
De 1 a 10	50%
De 11 a 20	75%
De 21 a 35	80%
De 36 a 50	85%
Máis de 50	95%

2.- A bonificación regulada no apartado anterior será de carácter rogado, debendo presentar o suxeito pasivo a correspondente solicitude, e rexistrala segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015. Esta solicitude presentaráse no momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licencia, e en calquer caso, antes da concesión da mencionada licencia.

Coa solicitude de bonificación fiscal se adxuntará declaración xurada por parte do promotor ou titulado mercantil das obras, do cumprimento dos tres requisitos que se describen no apartado 1 anterior, e declaración xurada do número de postos de traballo de nova creación, traballadores que van a ser contratados cando se rematen as obras e/ou cando se inicie a actividade. Aportará orzamento desglosado das construcións, instalacións e obras para as que se solicita declaración de especial interés ou utilidade municipal por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego. Dita declaración deberá ser apreciada polo Pleno da Corporación, polo voto da maioría simple dos seus membros.

En todo caso, a bonificación concederáse baixo condición resolutoria, de maneira que de non presentarse a xustificación de cumprimento dos requisitos exixidos, no prazo de seis meses desde o remate das obras e /ou inicio da actividade, quedará sen efecto a bonificación que se conceda.

3.-As construcións, instalacións ou obras que se inicien sen terse concedido a licenza municipal –sempre e cando sexa preceptiva-, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, no seu caso, non poderán acollerse aos beneficios fiscais previstos neste artigo.

7.4.O importe conxunto de todas as bonificacións non poderá superar o 95% da cota íntegra do imposto.

Modificar o apartado 2 do vixente artigo 7, Bonificacións, coa seguinte nova redacción:

2. As bonificacións establecidas no apartado A) do número anterior serán de natureza regradada e terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante este Concello, e rexistrada segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015. Esta solicitude presentaráse no momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licencia, e en calquer caso, antes da concesión da mencionada licencia. Deberá achegar tamén a pertinencia da declaración de especial interés ou utilidade municipal, aportando orzamento desglosado das construcións, instalacións e obras para as que se solicita a declaración do seu especial interés ou utilidade municipal e xustificantes de estar ó corrente no pago de tributos con esta administración. Dita declaración deberá ser apreciada polo Pleno da Corporación, polo voto da maioría simple dos seus membros.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor e comenزارáse a aplicar a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

CUARTO: Expoñer os presentes acordos no Taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo). Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedarán aprobados de xeito definitivo. No caso de que se presentaran, estas resolveranse polo Pleno do Concello.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á FEGAMP.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. O Concelleiro de Servizos Económicos.
José Baldomero Vazquez Pereiro

Deseguido pola Presidencia dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións.

Non formulándose intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

12 PARTIDO POPULAR de Arteixo
4 PARTIDO SOCIALISTA de Arteixo
2 BLOQUE NACIONALISTA de Arteixo-Asambleas Abertas
2 TERRA GALEGA de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/DAS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido."

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo, á data sinalada no documento electrónico por ambos, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.